

# *Cómaros verdes. O primeiro poemario galego de posguerra*

## *Cómaros verdes. The First Galician Post-war Poetry Book*

**Patricia ARIAS CHACHERO**

IES Fermín Bouza Brey

patchachero@edu.xunta.es

[recibido 31/10/2014, aceptado 26/01/2015]

### RESUMO

No ano 1947 publícase *Cómaros verdes* de Iglesia Alvariño. O libro está considerado o primeiro poemario galego relevante da posguerra. No presente traballo preténdese analizar cales foron as circunstancias que rodearon a aparición do mencionado volume.

**PALABRAS CHAVE:** Poesía galega contemporánea, posguerra, *Cómaros verdes*.

### RESUMEN

En el año 1947 se publica *Cómaros verdes* de Iglesia Alvariño. El libro está considerado como el primer poemario gallego relevante de la posguerra. En el presente trabajo se pretende analizar cuáles fueron las circunstancias que rodearon la aparición del mencionado volumen.

**PALABRAS CLAVE:** Poesía gallega contemporánea, postguerra, *Cómaros verdes*.

### ABSTRACT

In 1947, *Cómaros verdes* by Iglesia Alvariño is published, it is considered the first important post-war Galician collection of poems. In the present article we will try to analyze the circumstances surrounding the appearance of the aforesaid mentioned book.

**KEY WORDS:** Contemporary Galician poetry, post-war, *Cómaros verdes*.

ARIAS CHACHERO, P. (2015): “*Cómaros verdes. O primeiro poemario galego de posguerra*”, *Madrygal (Madr.)*, 18, Núm. Especial: 63-72.

**SUMARIO:** 1. Introducción. 2. Jesús Garrido e o Colexio León XIII. 3. Severino González Lazán e a Librería Celta de Vilagarcía. 4. *Cómaros verdes*. 5. Despois de 1949. *De día a día* (1960) e *Leva o seu cantare* (1964). 6. Referencias bibliográficas.

## 1. INTRODUCCIÓN

A día de hoxe, os principais estudosos da literatura galega aceptan como verdade indiscutible que *Cómaros verdes*, o poemario que Aquilino Iglesia Alvariño imprimou na librería Celta de Vilagarcía de Arousa en 1947, é o primeiro texto relevante da posguerra. Sirvan de exemplo as palabras de Ricardo Carballo Calero na súa *Historia da Literatura Galega*, onde lemos:

*Cómaros verdes* (1947) é o primeiro libro importante de poesía galega aparecido despois de 1936. Isto dálle moita notoriedade, e favorecido o autor pola prensa galega, e especialmente pola compostelana, na que colabora, a súa sona inza, e o seu prestixio de mestre afincase en termos xerais. (1981: 744)

Nesta mesma liña poden situarse comentarios realizados por figuras como Antón Fraguas (1986: 66), Xosé Luís Méndez Ferrín (1997), González Garcés (1986: 16) ou Luciano Rodríguez (1996: 201). Ben é verdade que a maioría destas aseveracións fixéronse sen afondar nas circunstancias que rodearon a aparición do coidado volume de versos ao que nos vimos referindo. Así, pouco sabemos, en realidade, sobre a súa impresión do poemario, sobre a vida do autor naqueles anos, sobre a *Librería Celta* ou sobre as consecuencias que había traer aparelladas a aparentemente inocente edición.

Para dar resposta a estes interrogantes cómpre retrotraerse até o verán de 1933, cando Iglesia Alvariño pisa por vez primeira as rúas de Vilagarcía de Arousa, a pequena e próspera vila mariñeira na que vai residir durante aproximadamente 15 anos, até 1949.

O propio escritor contounos á súa chegada ao Salnés, nun artigo titulado “Deudas impagables”, aparecido nun número especial de *El Pueblo Gallego*, o 15 de agosto de 1959: “Llegué por primera vez a Villagarcía de Arousa en el año 1933, con el objeto de sustituir durante las vacaciones de este año al profesor de Latín del Colegio León XIII que lo era José Crecente Vega, y volverme a Santiago al comenzar el nuevo curso”.

Aquilino, que tiña publicado *Señardá* (1930) e *Corazón ao vento* (1933), non desexa continuar os estudos eclesiásticos que seguirá até o ano 31 e por iso acepta o posto como profesor de latín no Colexio León XIII. Un centro escolar privado, propiedade de Xosé Núñez Búa, activo galeguista, que até ese momento contara cos servizos doutro gran poeta da escola do Seminario de Santa Catarina, o crego Xosé Crecente Vega.

Inda que tanto Crecente Vega como Aquilino Iglesia Alvariño estudaran no Seminario de Mondoñedo e ambos asistiran aos faladoiros literarios que se organizaban na barbaría de Manuel Ledo Bermúdez, na mesma vila catedralicia, a amizade entre eles comezara apenas un ano antes, a comezos de 1932, mentres Aquilino facía o servizo militar no cuartel de artillaría de Ferrol. A poucos quilómetros, no saco da ría, exercía Crecente como capelán. Cóntanolo o propio Aquilino (1960): “Cuando llegué a tratarlo personalmente era párroco de Narón y andaba a vueltas con la Física y la Química del Bachillerato, que hizo en los Institutos de Ferrol y Orense”.

Grazas a Carballo Calero (1984: 72), sabemos ademais que “Aquilino revisou e aconselhou a ortografía do único libro de versos galegos de Crecente, *Codeseira*, e mesmo parece que o bautizou, segundo o mesmo Aquilino me contaba”. Concorde a afirmación do erudito ferrolán con estouta proporcionada por Francisco Fernández del Riego:

Alí [a Compostela] chegou un día traguido da man de Aquilino, outro bó poeta da Terra Chá, Xosé Crecente Vega. Facialle compañía un feixe de poemas, sinxelos, afrorados, inspirados no mundo rural, que Iglesia Alvariño admiraba, e que, baixo a súa dirección, se editaron en libro co epígrafe de *Codeseira*. (1963: 30)

Conforme foron pasando as semanas, o poeta de Abadín foise afacendo pouco a pouco ao seu novo lugar de residencia:

Fui conociendo por sus nombres las cosas y las gentes. Vi volar muchas veces las gaviotas sobre la ría, felices de tanta luz y cruzar marineros y estibadores de las gabarras a las tabernas del puerto, saludándose a grandes gritos, como las gaviotas. Me encontré con centenares de

chicos y chicas de gestos sencillos, descuidados y generosos como los de mi introductor en la ciudad. (Iglesia Alvariño 1959)

Pese a esta semblanza tan amable, aqueles primeiros semellan non ter sido especialmente fáciles. O día 11 de agosto de 1934, o mozo Iglesia Alvariño, que apenas ten 24 anos, asina unha amarga carta dirixida a Teixeira de Pascoas, onde lle confesa:

Fai moito tempo que estou afastado de min mesmo e, por conseguinte, das persoas e das cousas que enchen o meu espírito. Encerrado nun colexio de 2º insino, ligado a unha serie de negocios que non van conmigo, estou atravesando uns intres de íntimo abandono espiritual no que me sinto desfalecer. Nin siquer me poido permitir a fuxida ao conforto da lectura. Dúrame un mes a lectura de cada libro que, para máis, non poido faguer coa tranquilidade de espírito que preciso para o regusto das cousas. (Alonso Estravís 1999: 229)

A comezos dese mesmo ano tíñalle escrito outra misiva a Luís Manteiga onde tamén se lamenta; nesta ocasión moléstalle non ter diñeiro para viaxar e pasar uns días co seu vello camarada:

Iría calquer día, pero o Búa marchou a pasar a Tenorio as Navidades, non me deixou pago o mes e por conseguinte non teño cartos para ir. Sobre todo porque quixera aproveitar a ida a isa para comprame uns lentes. (Iglesia Alvariño 2011: 294)

Fronte a estas mostras de melancolía, cónstanos que desde a súa chegada á Vilagarcía, o escritor mantívose en contacto cos galeguistas da contorna, participando fraternalmente na vida cultural e política do Salnés. No mes de marzo do 36, deu ao prelo *Nenias. Elexias verdadeiras de Antón Vilar Ponte, Manuel Antonio e Luís Amado Carballo* (Impresos sentimentais, 1). Unha cartolina coidadosamente editada polo Partido Galeguista vilagarcían nunha das imprentas máis coñecidas da bisbarra, a de Buceta. Desta mesma época son a tradución de “La canción del siglo” de Quinto Horacio Flaco, imprentada co gallo do bimilenario do nacemento de Augusto, e un volume que recolle un feixe de traducións de poetas cuxa responsabilidade atribúe o noso escritor

aos seus alumnos do León XIII. Segundo Luciano Rodríguez (2009: 32), estes últimos versos apareceron baixo o título *Traduccions: Ovidio, Virxilio, Francis Jammes* e irían precedidos dun prólogo do propio Aquilino Iglesia Alvariño.

Ademais, naqueles anos o poeta participa activamente na creación da Federación de Mocedades Galeguistas. E así, o 13 de xaneiro de 1934, atopámolo en Ourense organizando a fundación da entidade xuvenil. Nesa mesma fin de semana, convértese no primeiro Delegado das Mocedades e en consonancia co seu novo cargo, participa en febreiro na reunión do comité executivo do PG en Vilagarcía, onde se acorda a súa intervención no mitin que se celebrou o 4 de marzo en Compostela no que fai explícita a postura das Mocedades dentro do Partido.

Os dous aspectos vitais descritos até o de agora, a pública e intensa actividade e a melancolía e soidade persoal, parecen atopar un punto de confluencia nun pequeno fragmento redactado en 1936 titulado “Autobiografía e poética” onde o escritor reconece que:

A vida familiar, por desgraza, éme case desconocida, célibe, especie rara de coadxutor de vila, vivo sô de fonda en fonda, coa tristeza perenne da servilleta anoada á hora de comer, inda que coa independencia responsable do que non ten contas nin quen llas pida, ao que non se perde o gusto tan axiña. (Iglesia Alvariño 1996: 11)

Esta soidade atenuarase o 12 de abril de 1934, data en que Iglesia Alvariño acode á voda de Jesús Garrido Álvarez e Concha Castromán Olivera. Jesús Garrido, profesor no León XIII e amigo de Aquilino desde a súa chegada á vila, formaba parte da directiva vilagarcía do PG xunto a Luís Bouza Brey, Dámaso Carrasco Duaso e José Moreira Casal. Naquel alegre banquete, Aquilino coñece a Dolores Ferreirós Santos, con quen casará catro anos despois, o 10 de marzo de 1938. Ela será a Loliña da dedicatoria de *De día a día*:

A Loliña  
–de día a día tamén–  
estos versos,  
muiña dos anos  
na palma da man

## 2. JESÚS GARRIDO E O COLEXIO LEÓN XIII

As dúas familias, a de Jesús Garrido e a de Iglesia Alvariño, subsisten nos anos trinta grazas ao exercicio da docencia no León XIII. O centro, un dos máis importantes da vila, estaba instalado nunha vella fábrica de salgado que pechara as súas portas no XIX. Nun primeiro momento, o León XIII fora propiedade de dous ourensáns cun fondo compromiso con Galicia e cos galegos, os irmáns Núñez de Couto, Rogelio e Joaquín. Excelentes pedagogos, rexentaban desde comezos do XX, un centro do mesmo nome na cidade das Burgas.

Joaquín Núñez de Couto era licenciado en Filosofía e Letras e durante moitos anos impartira aulas de Educación Física no daquela Instituto Provincial de Ourense, hoxe Ramón Otero Pedrayo. Seu irmán, Rogelio, fora alcalde da cidade entre 1922 e 1923 e dirixira o *Boletín del Magisterio. Órgano defensor dos intereses morales y materiales de los maestros de la provincia*, unha publicación que, desde a súa fundación en 1906, velaba polos intereses dos docentes.

Ramón Otero Pedrayo lembra a Joaquín Núñez de Couto no seu *Libro dos amigos*:

Don Xoaquín foi ó largo de moitos anos profesor de Educación Física e auxiliar de letras no Instituto. Dirixía tamén un colexio de moita sona en compañía de seu irmán Roxelio. Entrambos foron profesores meus no inesquecible Instituto ourensán e despois xa entrambos doces amigos, de moita e leda conversa, con paseares pola estrada de Ourense. (1997: 210)

O León XIII xorde en Vilagarcía de Arousa como unha sorte de sucursal estival do centro ourensán. Até curso 1918-1919, dirixiu o colexio de Vilagarcía un dos irmáns Núñez de Couto, pero a partir de 1920 fíxoo Xosé Núñez Búa, fillo de Rogelio. Aquilino lembraba así os case tres anos que traballou con Núñez Búa:

Llegabamos a las puertas del colegio que cerraba una humilde plazuela de tierra. Esta ocultaba sus baches con una espesa capa de conchilla de almejas y berberechos para que la situación fuera más indecisa. Me sentía pequeño, oscurecido, torpe y embarazado con una serie

de soluciones que desechaban unas a otras (...) Un abrazo del director del colegio envolvió en ancha cordialidad mis pequeñas vacilaciones de recién llegado y la marina, en la clara seguridad de su luz alejó mi angustia. (Iglesia Alvariño 1959)

En 1936, sendo secretario do PG de Vigo, Núñez Búa foi elixido concelleiro e desde ese momento ocupa a vicepresidencia da Deputación de Pontevedra. Por ese motivo, vese obrigado a trasladarse a Vigo e deixa a dirección do colexio en mans de quen xa se tiña convertido nun compañeiro e amigo de confianza, Aquilino Iglesia Alvariño. Poucos meses despois, Núñez Búa foi detido e encarcerado, baixo a acusación de ter falado por Radio Vigo tras se proclamar o estado de guerra, arengando aos ouvintes contra o exército e defendendo a lexitimidade da República. Esta delicada situación da que Búa zafará grazas a Valentín Paz Andrade, explica o seu exilio forzoso e precipitado e a venda do centro o 7 de marzo de 1939. Como non podía ser doutra maneira, os novos propietarios do colexio vilagarcían serán Iglesia Alvariño e Jesús Garrido que o adquiren por 4500 pesetas. A partir daquel momento, Alvariño dirixirá o centro até a súa marcha de Vilagarcía.

Unha marcha que, segundo Xosé Luís Méndez Ferrín, estaría estreitamente vinculada con quen lle tiña facilitado á chegada á vila, isto é, Xosé Crecente Vega. Conta Ferrín (1997) que: “o noso poeta aspiraba á cadeira de latín dun Instituto, cousa que acabaría de conseguir en 1948 gracias aos bons oficios de outro lírica da ruralidade, Xosé Crecente Vega, que contribuiu moito a facer esquecer os antecedentes do opositor”.

Antes da contenda, o León XIII era un centro educativamente progresista e ideoloxicamente comprometido coas ideas galeguistas. Un colexio que desde moi cedo contou cun grupo Ultraia, a asociación xuvenil fundada e dirixida por Álvaro de las Casas, profesor a poucos quilómetros, no instituto de Noia. Os Ultraia do León XIII dinamizaron a vida cultural dos mozos vilagarcían, organizaban frecuentes excursións didácticas pola contorna, roteiros ao monte Lobeira e á veciña vila

de Cambados, practicaban boxeo e adestraban noutros deportes de moda nun local social que posuían no colexio. Mesmo editaron varios números dunha revista xuvenil da que non fomos quen de atopar ningún exemplar.

Na posguerra, o León XIII soubo abri-lle discretamente as portas a unha serie de intelectuais próximos ás ideas galeguistas que cos ingresos que obtiveron impartindo aulas puideron paliar a precaria situación económica na que se atopaban. Este é o caso, entre outros, de Celestino Noya, presidente da Deputación de Lugo até o 36, de Xosé María Díaz Castro, que entre 1940 e 1946 formou parte do claustro do León XIII, e do médico Francisco Lamas, alcalde republicano de Lugo que, inda que finalmente nunca chegou a exercer, chega a Vilagarcía ao abandonar o cárcere, coa convicción de que pode contar cun soldo no colexio, verdadeiro acubillo afectivo e económico.

### 3. SEVERINO GONZÁLEZ LAZÁN E A LIBRARÍA CELTA DE VILAGARCÍA

Outro dos grandes amigos de Iglesia Alvaríño durante o tempo que viviu en Vilagarcía de Arousa, foi Severino González Lazán. Un vallisoletano que en 1928 se afincara en Lugo e que, co alzamento militar do 36, perdera o seu posto de traballo como subxefe da garda municipal na cidade das murallas. O seu fillo, Severino González Rollán, relata nunha entrevista concedida ao xornal *La Voz de Galicia*, o 14 de xaneiro de 1996, que o seu pai:

Era republicano de izquierdas y al estallar la Guerra Civil lo expedientaron y lo echaron del ayuntamiento de Lugo junto al alcalde, Francisco Lamas López que se vino a Vilagarcía y ejerció de médico durante muchos años. Mi padre se escondió y se libró de la cárcel y se empeñó en la imprenta de Lugo.

Nos momentos máis difíciles a Severino e á súa familia axudounos Francisco Esteban González, un home abertamente afín ao réxime franquista que era propietario dun próspero negocio, a imprenta e librería Celta de Lugo. En 1939, este enriquecido empresario viaxa a Vilagarcía, con cuxo Concello tiña tratos comerciais, para facerse cargo das máquinas do xornal *Galicia Nueva* que deixara de

publicarse o 2 de xullo de 1938. Desaparecía desta maneira unha senlleira publicación que fora fundada en 1907 e que, co paso dos anos, se tiña convertido nun referente non só en Vilagarcía de Arousa, senón en toda a provincia de Pontevedra.

A comezos do XX, o xornal afianzárase como un dos máis apaixonados voceiros do movemento agrario e anticaciquil. Neses anos as súas páxinas recollen con mal disimulado entusiasmo todo tipo de informacións referidas a reunións e actividades do movemento agrario. Basilio Álvarez, cabeza visible de *Acción Galega*, figura como pluma habitual nas páxinas que saían da rotativa vilagarcían. Cabanillas que, como é ben sabido, apoiaba a loita agraria con incendiarios versos, foi outro dos colaboradores asiduos da redacción. A cuxas máquinas confiará por certo, a impresión de *Da terra asoballada* (1917), o primeiro libro de versos que imprime en Galicia e o terceiro dos que preparara. A listaxe de nomes coñecidos non remata aquí. Os mozos Rafael Dieste e Fermín Bouza Brey publican os seus primeiros traballos nas páxinas de *Galicia Nueva*. Xunto ás súas sinaturas atopamos as de Otero Pedrayo, Portela Valladares, Ben-Cho-Shey, Rof Codina ou Gerardo Álvarez Gallego.

Durante a II República, *Galicia Nueva* apoia abertamente o traballo dos nacionalistas e defende sen fisuras o Estatuto de Autonomía. O inicio da contenda provocará o lento pero irrefreable deterioro dun medio de comunicación que pese a tentar adaptarse á ideoloxía dos golpistas viu como as vendas e os apoios diminuían e a situación ía complicándose para traballadores e colaboradores.

É entón, ao quebrar definitivamente a publicación, cando os seus propietarios poñen á venda as máquinas e as instalacións e cando Francisco Esteban González, aproveita para adquirir a liquidación dos bens do xornal. Nun primeiro momento, manda a Severino González Lazán, empregado seu na librería lucense, para que se faga cargo da compra. Unha vez no Salnés, deberon considerar a posibilidade de mercar tamén o establecemento e abrir unha sucursal da *Librería Celta* en Vilagarcía. Apenas un ano despois, en 1940, Severino

cómpralle a Esteban González a Celta de Vilagarcía e establécese definitivamente na vila.

Durante anos, Severino e a súa familia rexentaron na rúa Ramón y Cajal unha pequena librería que, seguindo os costumes da época, non se limitará a vender material de papelería e libros senón que aproveitando as máquinas que quedaran na trastenda, imprimen todo tipo de formularios e trípticos, carteis publicitarios, entradas de espectáculos, recibos municipais, papel de envolver con marcas comerciais, tarxetas de visita, folios con cabeceira e todo tipo de material impreso.

Normalmente, as máquinas da empresa que dirixía Severino non se usaban para levar a cabo ningún traballo literario e certamente nin eran as máis adecuadas nin os traballadores estaban realmente cualificados para este tipo de empresas. Inda así, a finais de 1946, o activo propietario da Celta vilagarcía acorda editar unha pequena tarxeta co poema “Nascida d’un sono. Tríptico á gloria betanceira” co que o lucense Xosé María Díaz Castro viña de gañar o Premio de Honor e a Flor Natural dos Xogos Florais que se celebraran en Betanzos o 19 de agosto de 1946. Como xa se enunciou, Díaz Castro vivía en Vilagarcía desde 1940 cando aceptara a oferta de Aquilino de dar aulas no León XIII. A tarxeta que se imprimiu na Celta foi a única maneira de acceder aos versos mencionados até a súa aparición no *Anuario Bergantiño* no ano 1951.

Chegados aquí, cómpre ter presente que esa mestura de impresor, editor e libreiro non era infrecuente na época. O propio Francisco Esteban González, o dono da Celta de Lugo, convertérase co paso do tempo, nun relevante editor de figuras tan representativas das nosas letras como Alonso Montero, Manuel María, Fiz Vergara Vilariño, Neira Vilas ou María Mariño. Non sabemos se Lazán aprendeu del a arte precisa para editar un libro ou se foi por iniciativa propia que se lanzou a editar os traballos literarios que lle achegaban Iglesia Alvares e o círculo de intelectuais que o rodeaban nas aulas do León XIII, pero o certo é que o fixo.

Antes da aparición de *Cómáros verdes*, a Celta imprime outra serie de pequenos e coitados traballos nas súas máquinas. Entre eles,

non debemos esquecer *El cántico de la ciudad* (1947) que recolle o texto do longo poema en castelán co que Díaz Castro obtivera a flor natural nos Xogos Florais antes mencionados. Nese mesmo ano, Severino González Lazán e o señor Aguiar, o seu home de confianza, imprimen un primeiro traballo de Aquilino. Trátase de *Nenia. Finamento e natal de dous poetas namorados*, unha tarxeta que reúne dúas composicións en verso, unha dedicada a Catulo e outra a Tibulo. Destas *Nenias*, que acabarán formando parte de *Cómáros verdes*, tiráronse un total de cen exemplares numerados e asinados polo autor.

A este mesmo período pode pertencer esoutro texto do que nos fala o profesor Xosé Luís Méndez Ferrín:

Mais adiante (1946) [Aquilino Iglesia Alvares] dá ao prelo, en Vilagarcía o texto *Rosa de España ardiente*, poema premiado na “Fiesta das letras” en Barcelona e que representa unha curiosa mostra literaria franquista e unha estraña volta ó modernismo de “Señardá”, neste caso moito máis frouxo e declamatorio. (1990: 138)

#### 4. CÓMAROS VERDES

*Cómáros verdes* é, fóra de toda dúbida, a obra máis importante que saíu do prelo da Celta vilagarcía. Como xa se foi anunciando, o volume viu a luz nunhas máquinas que non eran as máis adecuadas e na edición traballaron todos os membros da familia do impresor, mesmo os máis cativos que inda recordan como encartaron as follas do poemario. O resultado foi un libro dignamente presentado que inclúe un feixe de versos moi coidados, froito das múltiples lecturas dun autor que tiña consolidado a súa formación clásica e que se resistía a abandonar o seu compromiso coa lingua.

Todo isto cadra co que nos conta Borobó, un dos primeiros propietarios dun exemplar de *Cómáros verdes*, cando lembra que o libriño saíu á venda cun prezo especialmente alto:

Fuí desde Santiago a Vilagarcía de Arousa para recibir de Aquilino la parva congrua que me correspondía por mi condición de profesor in partibus infidelium de su colegio León XIII.

Acababa de publicarle la efímera Editorial Celta su libro esencial, *Cómáros verdes*, invirtiendo yo en la adquisición de un ejemplar de la máxima obra poética gallega de la posguerra la octava parte del estipendio mensual que el autor me había abonado previamente. Por eso escribió Iglesia Alvariño en su dedicatoria “A Borobó, que pagou cinco pesos coma un rey”. (García Domínguez 1988: 15)

Explicanos o motivo, o fillo maior de González Lazán en entrevista xa citada, cando lembra que:

Don Aquilino Iglesia Alvariño, su autor, que era director del colegio León XIII, y don Jesús Garrido le propusieron a mi padre editar el libro. La verdad es que no estábamos preparados para aquello. Fue una edición muy cuidada, compuesta a mano, con un papel especial. Los ejemplares se vendían a cinco duros y debieron costar 30 pesetas. La verdad es que fue una aventura, un juguete... pero es que en aquella época había un aire cultural que no hay hoy.

Ao noso modo de ver, o alto custo do produto literario resultante fala alto e claro da vontade explícita do autor e do editor de sacalo á luz. A edición de *Cómáros verdes* non foi unha casualidade senón unha acción plenamente consciente. Nese mesmo sentido parece apuntar o colofón de *Cómáros*, onde podemos ler que se rematou de imprimir o día 24 de xullo de 1947, “na véspera do día de Galicia e de Santiago”. Non un día calquera senón o día que os galeguistas de preguerra escolleran para celebrar o Día de Galicia. Deste particular e sutil atrevemento, editar un libro en data tan destacada, facíase eco de maneira orgullosa unha fita de papel vermello que cinxía cando menos algúns dos volumes por fóra e na que era posible ler a mesma lenda.

Segundo parece a inocencia, a inconsciencia ou o atrevemento do poeta e do seu impresor, fixeron que o libro ao que nos vimos referindo se editase sen contar coa oportuna licenza á que obrigaba a censura vixente na

época. Nin Aquilino nin Lazán presentaron a instancia ante a Dirección General de Propaganda e atreverse a editar sen o correspondente visto e prace, carrexoulles máis dun problema serio.

Segundo Xosé Manuel Dasilva (2008: 94), o 23 de xullo de 1947, Enrique Quesada Muñera, delegado provincial da Dirección General de Propaganda de Pontevedra, remite un informe a Madrid onde fai notar que *Cómáros verdes* non tiña os oportunos permisos de edición. Cómpre reparar en que este dato ademais de introducirmos nos problemas que ía ter que superar o volume, confirma que a data do 24 de xullo fora escollida á mantenta pois evidencia que o libro non saíu á rúa cadrando co Día de Galicia senón que existía con anterioridade.

Detectado o problema, as autoridades toman as medidas oportunas. A policía retira da imprenta da rúa Ramón y Cajal os exemplares de *Cómáros verdes* que con tanto mimo e entusiasmo se tiñan imprentado, e trasládase a Vilagarcía o delegado local do aparello censor para informarse do sucedido. Tres días despois da denuncia, o 26 de xullo, un alarmado Iglesia Alvariño, presenta na delegación de Pontevedra a correspondente solicitude formal de permiso de edición. Solicitude que foi tramitada con urxencia ante a Dirección General de Propaganda.

No medio do desgusto e na liña de home discreto e pouco dado a excesos que o caracterizou ao longo de toda a súa vida, Aquilino envíalle unha carta a Otero na que lle fai saber que: “o día de Santiago tiña todo preparado para que un libro de versos meus estivese nos escaparates de Compostela. Pero inda está na imprenta esperando polo permiso<sup>1</sup>”.

Pasa o verán e para acelerar os trámites e evitar sancións e castigos, o autor de *Cómáros verdes* escíbelle a Juan Aparicio pedíndolle que interceda. Aparicio, persoa destacada no aparello censor, que naquela altura era director

<sup>1</sup> A carta orixinal, inédita até onde nós sabemos, consérvase na Fundación Penzol, no fondo Otero Pezdrayo, arquivada baixo a referencia CA-611/98 (24).

do *Pueblo* e que se fará tristemente famoso nas letras galegas polos seus ataques abertos ao grupo Galaxia cando botan a andar a *Revista Grial*, decide intervir e redacta unha carta na que, con data 8 de setembro, lle expón a Juan Beneyto a delicada situación:

Con fecha 4 de septiembre recibí carta de D. Aquilino Iglesia Alvariño, de Villagarcía de Arosa (Pontevedra), interesándome active la autorización de un libro de versos gallegos, de que es autor, cuya edición está tirada, y que remitió a Educación Popular a este fin, por lo que te ruego si está en tu mano hagas lo posible por complacerle, ya que tengo bastante interés en ello.

Apenas un mes despois, Beneyto envíalle a Aparicio unha resposta na que lle asegura que o volume dispuña do oportuno permiso “una vez resueltas ciertas incidencias de trámite”. O 24 de setembro de 1947, cando menos dous meses despois da impresión de *Cómaros verdes*, o libro ten pasado todos os trámites de edición. Miguel Piernaveja, o responsable da lectura censora, resolve o informe cun: “Colección de poesías en gallego. Nada censurable”. Un par de días despois, o 26 dese mesmo mes, a Dirección General de Propaganda exculpaba a Aquilino e a Severino e sobresía as actuacións iniciadas a comezos do verán.

Nas memorias de Daniel Garrido Castromán, fillo de Jesús Garrido, atopamos outra mostra do clima de tensión que viviron autor e impresor.

Con motivo de la publicación de “Cómaros verdes”, en el año 1947, unos “aduladores” fueron a comunicarle a Mohamez Ben Mizian del Kasen, personaje de gran influencia con Franco, tamaño atrevimiento. Parece ser que el personaje les preguntó: “¿Dice algo contra el Gobierno? ¿Hai alguna ofensa a la Virgen? ¿Hay ofensas contra la religión?”. Al haberle respondido que no, pero que estaba escrito en gallego, dijo “Hay que dejar que cada región utilice su lengua vernácula para que se conserve”. (Garrido 2012: 6)

Mohammed ben Mizzian (1897-1975), un militar marroquí que desde o primeiro momento apoiara a sublevación do exército en África era un dos protexidos de Francisco Franco, quen nos anos 50 alenta o seu nomeamento como Capitán Xeneral de Galicia.

## 5. DESPOIS DE 1949. DE DÍA A DÍA (1960) E LEVA O SEU CANTARE (1964)

Non queremos pechar este traballo, necesariamente breve, sen mencionar *De día a día* e *Leva o seu cantare*, dous poemarios de Aquilino Iglesia Alvariño editados baixo o selo da *Librería Celta*, despois de que o poeta abandonase Arousa e o León XIII.

De lle facermos caso ao colofón de *De día a día*, “acabouse de imprimir este libro na imprenta Celta de Vilagarcía de Arousa no mes de febreiro de 1960”. Na propia portada do libro, baixo o debuxo de Carlos Maside que xa aparecera en *Cómaros verdes*, lemos o consabido “Ediciós Celta. Vilagarcía”, que tamén atopamos na portada do poemario do 47. Esta información reiterada non cadra coa lenda que encontramos na primeira páxina do libro: “Ediciós Celta. Vilagarcía de Arosa. Imprenta La Ibérica. Rúa do Franco, 13. Santiago” e si o fai coas lembranzas de Borobó, grande amigo do escritor, quen nos conta que:

No ano 1960, logo de votar unhas tazas no 42 do Franco, achegábame con il [Aquilino Iglesia Alvariño], na mesma rúa, a La Ibérica, o taller onde estábame imprimindo de *Día a día*, para corrixir as probas. Recolle neste volume Aquilino catro poemas dos anos trinta, non insertos en *Cómaros* e vintecinco posteriores. (García Domínguez 1986)

Deste poemario fíxose unha tiraxe pequena, de apenas 250 exemplares numerados, seguramente custeada polo propio escritor que reúne un total de 29 composicións, agrupadas en catro seccións tituladas: “Ó esbaruxirse as follas”, “Non me esquenzo de vós”, “O silencio sin cabo” e “Hai un son que debala”.

Para explicar por que Iglesia Alvariño, un poeta recoñecido antes da guerra que se tiña posicionado claramente ao imprimir o primeiro poemario en galego da posguerra, segue editando baixo un selo humilde e sen verdadeira solvencia, cómpre ter presente as serias desavinzas que o de Abadín mantén nos anos 50 co grupo de intelectuais que se reúnen ao redor da editorial Galaxia. Segundo Borobó:

A prueba de sinsabores e incomprensiones prosigue la editorial Galaxia su fecunda labor,



que ha escindido en dos bandos a los escritores gallegos. De un lado están los que colaboran en algunas de sus publicaciones. De otra estamos los que no tenemos la suficiente categoría literaria o racial para participar en ellas; pero, con el tiempo, la iremos poseyendo y nos cabrá la esperanza de poder escribir en la *Revista de Economía de Galicia*, en *Grial* o bien que nos encarguen, por ejemplo, una monografía de Arte Novo, sobre el pintor Pesqueira... Y, en este caso, todos nos iremos haciendo amigos del alma de Galaxia. (García Domínguez 1963)

En 1964 aparece *Leva o seu cantare*, o terceiro e derradeiro libro de poemas de Iglesia Alvariño imprentado baixo o selo Edicións Celta. Trátase dunha obra póstuma, impresa por vontade dos seus amigos, tres anos despois

do falecemento do poeta. De novo estamos ante un volume coidado que recupera a estética dos dous anteriores e que recompila, nesta ocasión sen a supervisión do autor, diversos poemas en galego, algúns inéditos e outros aparecidos en distintas publicacións da época.

González Garcés na introdución que fai á *Escolma de poemas de Aquilino Iglesia Alvariño*, apunta que:

O libro resultou moi irregular e moitos dos poemas recollidos non os houbera publicado nunca Iglesia Alvariño, xa que poido facelo e non o fixo. E tiña toda a razón. Mais o libro, en contra do que se ten dito, sálvase e xustifícase, e aínda é unha aportación interesante, por algúns, poucos, poemas. (1986: 37)

## 6. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO ESTRAVÍS, Isaac (ed.) (1999): *Os intelectuais galegos e Teixeira de Pascoaes. Epistolario*. Sada: Edicións do Castro.
- CARBALLO CALERO, Ricardo (1981): *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia.
- (1984): *Letras galegas*. A Coruña: Asociación Galega da Língua.
- DASILVA, Xosé Manuel (2008): “Ramón Piñeiro e a prohibición de traducir ao galego”, *Grial. Revista galega de cultura* 179, pp. 86-97.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1963): “Iglesia Alvariño, poeta e humanista”, *Grial. Revista galega de cultura* 1, pp. 28-42.
- FRAGUAS FRAGUAS, Antón (1986): “Aquilino Iglesia Alvariño o poeta de Seivane”, *Outeiro* 20, pp. 65-66.
- GARCÍA DOMÍNGUEZ, Raimundo (1963): “Bombo a los de Grial”, *La Noche* 26/09/1963.
- (1983): “Adicatoria de Cómaros Verdes”, *La Voz de Galicia* 10/08/1983.
- (1986): “O señor das palabras”, *La Voz de Galicia* 27/01/1986.
- (1988): “Pesqueira y sus contemporáneos”, en *Manuel Pesqueira Salgado*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, pp. 13-50.
- GARRIDO, D. (2012): “Muere Lola, la viuda del galeguista Aquilino Iglesia”, *Faro de Vigo* 04/01/2012, p. 6.
- GONZÁLEZ GARCÉS, Miguel (1986): “Introducción”, en *Escolma de poemas de Aquilino Iglesia Alvariño*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 7-38.
- IGLESIA ALVARIÑO, Aquilino (1947): *Cómaros verdes*. Vilagarcía de Arousa: Edicións Celta.
- (1959): “Deudas impagables”, *El Pueblo Gallego* 15/08/1959.
- (1960): “Aquel poeta de Codeseira”, *La Noche* 27/06/1960.
- (1996): “Autobiografía e poetica (1936)”, *Dorna. Expresión poética galega* 16, pp. 11-14.

——— (2011): “Carta de Aquilino Iglesia Alvariño a Luís Manteiga”, *A Trabe de Ouro* 2, ano XXIII, pp. 293-296.

MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (1990): *De Pondal a Novoneyra*. Vigo: Xerais.

——— (1997): “Aquilino na Arousa”, *Faro de Vigo* 28/07/1997.

OTERO PEDRAYO, Ramón (1997): *O libro dos amigos*. Vigo: Galaxia.

RODRÍGUEZ, Luciano (1996): *A poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*. Lugo: Deputación Provincial Lugo.

——— (2009): *O po dos días. Introducción temática á poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*. Vigo: Xerais.